A Biblioteca Municipal de Verín foi seleccionada entre os 10 mellores proxectos de animación á lectura de toda España dentro da XX Campaña 'María Moliner' para municipios de menos de 50.000 habitantes – que convocan o Ministerio de Cultura e Deporte e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)- pola súa iniciativa “Voluntariado cultural con rapaces/as s para o fomento da lectura”.

Deste xeito, a Biblioteca verinesa recibirá 10.000 euros financiados polo Ministerio de Cultura e Deporte, que serán destinados a compra de libros e/ou publicacións periódicas.

A campaña de 2020 presentáronse un total de 562 proxectos, dos que foron seleccionados un total de 310. A comisión de selección destacou do "Proxecto de Voluntariado Cultural con rapaces/zas para o fomento á lectura" da Biblioteca de Verín o Premio Nacional María Moliner, a «claridade e interese do proxecto para a animación lectora, a boa planificación e viabilidade». Ademais, de valorar «a orixinalidade e innovación e as actividades de integración social que contén a proposta»..

A concelleira de Cultura, Emilia Somoza, quixo poñer en valor o «traballo, esforzo e perseveranza do persoal que traballa na biblioteca» e explicou que volver recibir este premio «supón un gran orgullo para todos os verineses que non fai máis que reafirmar o importante labor realizado desde a Biblioteca Municipal de Verín, no que ao fomento da lectura se refire».

Voluntariado cultural con rapaces/as s para o fomento da lectura

Trátase dun proxecto consolidado, que xurdiu fai doce anos e que converteu á biblioteca nun referente cultural na localidade, realizando un gran número de actividades variadas e de calidade grazas á colaboración de mozos voluntarios. Destaca pola súa relación transfronteiriza levando as actividades da biblioteca a aldeas próximas de Portugal e polas súas actividades interxeracionais e con colectivos en risco de exclusión social. Ao longo destes anos, foron máis de 600 actividades de fomento á lectura, onde tamén tiveron cabida, multitude de conferencias, presentacións de libros, exposicións, concursos e coma non ou servizo estrela do verán que é a Biblio-Piscina e Biblio-Rúa, servizos tamén atendidos polos Voluntarios dá Biblioteca.